

TEMA 12

CANTIGAS DE BURLAS, XÉNEROS MENORES, CANTIGAS DE SANTA MARÍA E PROSA MEDIEVAL

I.CANTIGAS DE BURLAS

1.1.As cantigas de escarnho e as cantigas de maldizer

- Terceiro **xénero maior** (xunto coas de amigo e amor). Finalidade **satírica e burlesca**.
- Modelo: sirventés** provenzal (con tonalidade chocalleira) = **degradación** a través do riso.

-**Cantigas de escarnho**: falan mal dalgunha persoa, sátira persoal, palabras de **dobre entendemento (equívoco)**. Sátira **indirecta e encuberta**.

-**Cantigas de maldizer**: falan mal de forma aberta. Sátira **clara e directa**.

Dificultade de interpretación = **Cantigas de burlas**

1.2.Tipoloxía e principais ciclos temáticos

-**Temática variada**: tipos sociais, costumes, institucións... = espello da sociedade e **mentalidade** da época (androcéntrica).

-**Destinatarios** das burlas: mulleres (contraste coa lírica amorosa), homosexuais, xudeus, árabes, médicos, mercadores, eclesiásticos, cabaleiros pobres, nobres covardes, os propios compositores... Todo o que se afasta da norma cortesá do *home-cabaleiro-cristián*.

-**Tipoloxía** de cantigas de burlas:

-**Sátira política**: dous ciclos principais e algunhas sátiras persoais.

*Críticas aos cabaleiros que entregaron os seus castelos a **Afonso III o Bolonhês** na guerra portuguesa de 1246.

*Críticas de **Afonso X** aos nobres que o traizoaron na guerra de Granada de 1264.

-**Sátira literaria**: xogos de enxeño para demostrar habilidades literarias.

*enfrentamentos entre **xogares e trobadores**

***parodias do código do amor cortés**

*"ciclo das **amas e tecedeiras**"

-**Sátira social, de tipos e costumes**: sátira persoal (avaricia, crenzas na astroloxía e a adiviñación, as modas...)

***infanzós e cabaleiros pobres**

***cregos, frades e monxas** (gula e luxuria)

-**Sátira obscena**: o **sexual** e o **escatolóxico** (soldadeiras)

1.3.A lingua e a forma da cantiga de burlas

-Punto de vista **estilístico**: linguaxe directa, léxico concreto, rexistro vulgar = serve para coñecer a **lingua popular** da Idade Media.

-**Sen métrica e estrutura formal propias** (recursos tomados da cantiga de amor e de amigo mesturados)

-**Estrutura**: primeira estrofa co motivo central (cítase o personaxe satirizado) e as restantes estrofas que glosan a burla inicial mediante recursos paralelísticos. Narratividade = desenvolve unha pequena anécdota argumental.

-**Recurso principal**= equívoco (dobre sentido das palabras)

II.OS XÉNEROS MENORES

-Modalidades poéticas con **características temáticas e formais moi definidas**, de longa tradición literaria, pero **pouco cultivadas** no ámbito galego-portugués (xéneros contaminados).

-**Pastorela**: cultivado en Francia e Provenza. Encontro entre un **cabaleiro** e unha **pastora** nun **medio bucólico**. Amor entre un nobre e unha vilá (fóra do código do amor cortés). Conservamos **oito textos** (formas híbridas).

-**Lai**: **cinco** textos transmitidos polo Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (“Lais de Bretaña”). **Traducen** poemas franceses do *Livro de Tristán* (ciclo artúrico).

-**Pranto**: **dor pola morte dunha persoa**, loa as súas calidades (*planctus* latino). Temos **cinco**, adicados a personaxes de clase social alta.

-**Tenzón**: texto **dialogal**, dúas voces, dous autores que interveñen de **forma alterna** e con **igual número de estrofas**. **Disputa** entre trobadores, sátira e chufa persoal. Temos **trinta** textos.

-**Descordo**: *descort* provenzal. **Falta de esquema métrico**. Variedade da cantiga de amor. Só conservamos **un** (de Nuno Eanes Cerzeo)

-**Sirventés moral**: rexeitamento radical pola marcha do mundo, **lamenta a dexeneración e corrupción** da época. Compáraa cunha idade dourada anterior. Erudición e refinamento dos autores.

III.AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

3.1.Caracterización da obra

-Vertente **relixiosa**. **427** composicións agrupadas en tres grandes bloques:

1)**Cantigas narrativas** (356): narran presuntos milagres da Virxe. Intención didáctico-relixiosa.

2)**Cantigas de “loor”** (41): loan as calidades da Virxe (= damas na cantiga de amor, *cançó*)

3)Serie **heteroxénea** de cantigas

3.2.Estrutura

-**Esquema numérico invariable** na maioría. Cantigas **agrupadas en series en que as nove primeiras son cantigas narrativas e a décima de “loor”** (10 = perfección). As cantigas das **centenas** (100, 200, 300...) expresan **favores** que o rei solicitou da Virxe. As que rematan **en cinco** (5, 15, 25...) van acompañadas polo **dobre de miniaturas**.

3.2.1.As cantigas narrativas (estrutura, esquema)

1)**Epígrafe ou “razón”**: resumo do contido da cantiga. Pode demandar a atención do público.

2)**Refrán**: ensinanza moral e relixiosa

3)**“Cobras” ou estrofas**: co refrán ao final, desenvolven o relato do milagre

*O contido das cantigas narrativas (esquema fixo de contido)

- 1) **Resumo** do que narra a cantiga: epígrafe ou “razón”
- 2) **Breve presentación** do protagonista e do seu contexto
- 3) **Formulación do problema**
- 4) **Intervención milagreira** da Virxe
 - Socorre a alguén
 - Castiga a delincuentes, pagáns, mouros...
 - Premia a fidelidade, devoción e virtude
 - Defende algún santuario ou igrexa
- 5) **Lección moralizante e agradecementos** á Virxe

3.2.2. As cantigas non narrativas

- As de “**loor**” expresan **devoción á Virxe** (tópicos sobre as súas virtudes).
Oposición entre o amor mundano e o divino...

3.3. Métrica

- A **estrofa** máis empregada é o “**virelai**” ou “**zéjel**”. O **verso** máis utilizado é o de **14** sílabas, dividido por unha cesura en dous hemistiquios, de 7 versos cada un.

3.4. Problemática da autoría

- Auspiciadas polo **rei-trobador castelán Afonso X, o Sabio** = fracasos políticos / esplendor cultural (*Cantigas de Santa María*, lírica profana galaico-portuguesa, “Escuela de Tradutores de Toledo” e prosa histórica e xurídica en castelán)

- As CSM quedaron **interrompidas en 1284** ao morrer o rei. Existen dúbidas sobre a súa autoría persoal.

- Na *General Estoria* fálase de “**autoría rexia**” = dirixe a obra, pero non é autor de todas as cantigas.

- 1) Intervenían como máximo **seis trobadores distintos**.
- 2) Só hai **10 cantigas escritas de puño e letra polo rei** (autobiográfico, 1ª persoa)
- 3) **Airas Nunes**, clérigo e trobador compostelán

- **Afonso X = patrocinador ou director do equipo** que elaborou as CSM

3.5. Fontes

- **Diversas**: orais / escritas, populares / cultas, peninsulares / europeas)

- 1) Milagres marianos sucedidos ao rei ou familiares
- 2) Santuarios franceses e ambientados noutros da propia Península Ibérica

3.6. Motivacións

a) Motivacións de índole relixiosa:

- devoción sincera do rei
- afán de contribuír ao auxe do culto á Virxe

b) Motivacións de índole política:

- restarlle influencia e poder a Santiago de Compostela (+Toledo)
- reforzar a ideoloxía e o modelo social feudal-cristián
- prestixiar a corte castelá

3.7.A tradición manuscrita

-CSM elaboradas entre **1257 e 1283** chegan a nós por medio de **catro códices** diferentes, todos do **s. XIII**, de gran riqueza musical e con máis de 1.500 miniaturas dun **enorme valor artístico** e testemuñal (luxo= mecenas real)

-Os códices representan os diversos **estadios na composición da obra**.

a)Códice de Toledo (To): primeira redacción da obra (1257). Só ten 128 cantigas con notación musical e seis miniaturas. Biblioteca Nacional de Madrid.

b)Códice da Biblioteca Nacional de Florencia (F): 104 cantigas sen notación musical pero con ilustracións (incompletas). Continuación do códice T?

c)Códices T e E da Biblioteca do Escorial: o primeiro é o “**Códice rico**”, ten 193 cantigas con notación musical, 1275 miniaturas. O segundo é o “**Códice dos músicos**”, presenta 417 cantigas coa súa notación musical e 40 miniaturas.

IV.A PROSA MEDIEVAL

-A prosa literaria galego-portuguesa medieval é **máis escasa, máis serodia e menos orixinal que a lírica**. Os **primeiros textos** son de **comezos do século XIII** (versións de textos bíblicos con afán divulgativo e escritos de tipo notarial con afán práctico).

-Os textos **máis antigos conservados en galego-portugués** son (sobre o 1214)

**Noticia do Torto*

**Testamento do rei Afonso II*

-O **texto prosístico máis antigo datado e escrito no noso territorio:**

**Foro do bo burgo de Castro Caldelas* (Allariz, 1228)

-A **prosa propiamente literaria** aparece máis tarde (**finais do s. XIII – comezos do s. XIV**)

-A **imposición do castelán** a partir do s. XV puxo **fin** a este emprego do galego. A nosa literatura medieval non se coñece ata finais do século XIX.

1)Prosa propiamente literaria (tres grandes ciclos)

a)Ciclo bretón ou artúrico: o máis importante e de maior influencia na literatura posterior. Temos fragmentos do século XIV como *A demanda do Santo Graal*, *Joseph de Arimatea*, o *Livro de Tristán*, fragmentos do *Livro de Merlim*... Ambientadas na Bretaña continental ou na Gran Bretaña (rei Artur, cabaleiros da Táboa Redonda, Camelot, Escalibur...)

b)Ciclo clásico ou troiano: *Crónica Troiana* e a incompleta e bilingüe *Historia Troiana* (visión fantasiosa do mundo clásico).

c)Ciclo carolinxio: fragmentos do *Pseudo-Turpin*, incluídos nos *Mirages de Santiago* (historia do emperador Carlomagno).

2)Prosa historiográfica (finalidade propagandística e lexitimadora, elementos bíblicos e fantásticos)

a)Livros de Linhagens, catálogos de xenealoxías nobiliarias escritos en Portugal a finais do s. XIII e comezos do s. XIV.

b) Traducións galegas de dúas obras de Afonso X: *General Estoria* e *Crónica Geral*

c) Outros textos: *Crónica Geral de 1344*, *Crónica Geral Galega de 1404*

3) Prosa haxiográfica ou xacobeá: textos centrados na vida, obra e milagres de apóstolos, santos...

a) *Miragres de Santiago*, versión galega do *Codex Calixtinus* ou *Liber Sancti Iacobi* (s. XIII), feita a finais do século XIV ou comezos do século XV.

b) *Corónica de Santa Maria de Iria*, segunda metade do s. XV

4) Prosa tabeliónica (fin utilitario)

- Ordenamentos xurídicos (*Sete partidas* de Afonso X), denuncias, sentenzas...

- Regulamentos de confrarías e gremios (*Livro de Cambeadores* de Santiago, *Ordenanzas* do gremio de Acibecheiros de Santiago)

- Escritos notariais ou elaborados polos Concellos

- Manuais ou tratados para aprender oficios ou actividades (*Tratado de Alveitaria*, *Arte de Trovar*)

- Libros de contas (*Livro das Posisoas do Espital dos Pobres da vila de Muros*)